

**REGULAMENTO do PROXECTO FIN de CARREIRA
ENXEÑERÍA TÉCNICA en INFORMÁTICA de SISTEMAS
UNIVERSIDADE de SANTIAGO de COMPOSTELA
(1ª modificación Xunta de Escola 15-11-2007)**

Capítulo 1. Consideracións Xerais

Artigo 1. Necesidade do Proxecto Fin de Carreira

No punto 5 do Anexo 3 do Plano de Estudos¹ da Enxeñería Técnica en Informática de Sistemas (ETIS) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) indicase que se esixe Proxecto Fin de Carreira (PFC) para obter o título de Enxeñeiro Técnico en Informática de Sistemas.

Artigo 2. Obxectivo do PFC

Segundo aparece recollido no Plano de Estudos, o PFC consiste na elaboración dun proxecto como traballo de síntese. A finalidade do PFC é a elaboración por parte do alumno dun traballo persoal ónde se apliquen e integren os coñecementos e destrezas desenvolvidos durante os estudos realizados na Titulación, así como a súa capacidade de creatividade e orixinalidade.

O traballo realizado debe ser orixinal e independente, con identidade propia, aínda que pode formar parte dun desenvolvemento máis amplo ou xeral.

Artigo 3. Número de Créditos

Segundo aparece recollido no Plano de estudos, o PFC ten asignados 6 créditos obrigatorios de tipo prácticos equivalentes a 5 créditos ECTS.

Artigo 4. Comisión de Proxectos da ETIS

A Comisión de Proxectos da ETIS é a encargada de velar polo cumprimento da normativa desenvolvida neste regulamento (e interpretala se fose o caso), aprobar ós anteprojectos, propoñer os tribunais e autorizar a defensa dos PFC's.

O seu mandato será bianual e será nomeada en sesión ordinaria da Xunta do Centro, a proposta da Comisión da Titulación de ETIS.

Estará composta por cinco Profesores con carga docente troncal ou obligatoria na Titulación e será presidida por un dos seus membros, elixido pola propia Comisión na sesión constituínte. A sesión constituínte será presidida polo membro de maior categoría e antigüidade na Universidade.

A Comisión de Proxectos da ETIS deberá arbitrar as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, co fin de garantir que todo alumno en condicións de realizar o PFC poda realizalo. En particular velará pola dispoñibilidade dos Anteprojectos, correspondentes o POD de cada curso, antes do comezo do segundo cuatrimestre.

A Comisión de Proxectos da ETIS proporcionará modelos oficiais para todos os aspectos relacionados co PFC. A utilización de ditos modelos oficiais é obrigatoria.

¹ Resolución da Universidade de Santiago de Compostela do 19 de novembro de 2003, publicada no Boletín Oficial do Estado do 23 de decembro de 2003.

Artigo 5. Número Anual de Propostas

A Comisión de Proxectos da ETIS fará unha estimación sobre o número de Propostas de Proxectos necesarias para cada curso académico. A Comisión de Proxectos da ETIS informará a cada Departamento sobre o número de Propostas de Proxecto que corresponde presentar as súas Áreas de Coñecemento, en función do número de créditos asignados no POD.

Artigo 6. Contidos de PFC

Os contidos dos PFC deberán axustarse a algunha das seguintes categorías:

- a) Desenvolvemento dunha idea ou prototipo ou modelado teórico dun Sistema Informático que constituía unha contribución ás técnicas da Informática.
- b) Especificación, análise, deseño e implementación dos distintos aspectos relativos a un Sistema Informático.
- c) Realización de estudos técnicos e/ou socioeconómicos relacionados coas Tecnoloxías da Información.

Artigo 7. Modalidades de PFC

Os PFC's deberán axustarse a algunha das seguintes modalidades:

- a) PFC's propostos por Persoal Docente ou Investigador con docencia na Titulación.
- b) PFC's propostos por Persoal Docente ou Investigador da USC adscrito a Áreas de Coñecemento con carga troncal ou obrigatoria na Titulación no Centro.
- c) PFC's propostos por Titulados Universitarios, con Titulación de igual ou superior nivel á de Enxeñeiro Técnico en Informática de Sistemas, no exercicio da súa profesión. Neste caso, será necesario dispoñer de un Titor Académico, corresponsable na dirección do PFC, que deberá ser Persoal Docente ou Investigador con docencia na Titulación no Centro.
- d) PFC's desenvoltos no marco de convenios con empresas ou institucións. Neste caso, será necesario dispoñer de un Titor Académico, corresponsable na dirección do PFC, que deberá ser Persoal Docente ou Investigador con docencia na Titulación no Centro.
- e) PFC's desenvoltos no marco de convenios de intercambio de estudantes (ERASMUS, SICUE, ...). Neste caso exercerá como Titor Académico o Titor do intercambio.

Artigo 8. Autoría

Con carácter forma xeral, cada PFC realizarase por un só alumno. Con carácter excepcional poderá autorizarse a realización en común dun mesmo PFC por un máximo de dous alumnos. Dita autorización será concedida pola Comisión de Proxectos da ETIS atendendo á complexidade ou especificidade do traballo proposto.

Artigo 9. Director do Proxecto

Todo PFC require un Director que será Persoal Docente ou Investigador con capacidade para propoñer PFC's ou para exercer a labor de Titor Académico, segundo o Artigo 7. Caberá a posibilidade dun Codirector no suposto de que as características do proxecto ou do Director así o aconsellen.

Capítulo 2. Anteprojectos

Artigo 10. Propostas de PFC

O Persoal Docente ou Investigador con capacidade para propoñer PFC's ou para exercer a labor de Titor Académico, segundo o Artigo 7, enviarán as súas propostas á Comisión de Proxectos da ETIS.

Na proposta deberan indicarse como mínimo os seguintes aspectos:

- a) Título do Proxecto.
- b) Director do Proxecto.
- c) Breve descrición do contido.
- d) Requisitos necesarios (materias cursadas, materias aprobadas, etc.).
- e) Criterios de asignación do proxecto.

No caso de PFC a desenvolver no marco de convenios de intercambio de estudantes, os apartados do Anteprojecto indicaranse na medida en que sexa posible coa información dispoñible.

A Comisión de Proxectos da ETIS analizará as propostas e publicará regularmente unha lista coas propostas admitidas de PFC dispoñibles.

Artigo 11. Requisitos dos Alumnos

Poderán solicitar Anteprojecto os alumnos de ETIS que teñan superados 136,5 créditos do Plano de Estudos e estean matriculados de todos os créditos necesarios para rematar a carreira (excepto os correspondentes o propio PFC e as materias de libre elección).

Artigo 12. Peticións de Asignación

Os Alumnos que cumpran os requisitos indicados no Artigo 11 poderán elevar a Comisión de Proxectos da ETIS unha solicitude de asignación de proxectos.

Na solicitude deberán indicar como mínimo os seguintes aspectos:

- a) Documentación que xustifique o cumprimento dos requisitos indicados no Artigo 11.
- b) Preferencia xustificada de elección sobre os PFC dispoñibles, de ser o caso.

Artigo 13. Asignación de Propostas

A Comisión de Proxectos da ETIS publicará regularmente unha lista coas propostas de asignación dos PFC's dispoñibles.

A asignación de propostas realizarase, tendo en conta as preferencias expresadas polo alumno na petición de asignación, seguindo un criterio de prioridade en función do expediente académico de cada solicitante.

Os alumnos asignados a propostas de PFC deberán contactar co Director do Proxecto a fin de elaborar conxuntamente o Anteprojecto. Dito Anteprojecto deberá ser presentado nos dous meses seguintes a publicación da proposta de asignación. No caso de que unha proposta de asignación non dea lugar á presentación dun Anteprojecto no prazo sinalado, a Comisión de Proxectos da ETIS realizara unha nova proposta de asignación.

Artigo 14. Asignación Directa

O Anteproxecto tamén poderá ser presentado como resultado dun acordo directo entre un alumno que cumpra os requisitos indicados no Artigo 11 e Persoal Docente ou Investigador con capacidade para propoñer PFC's ou para exercer a labor de Titor Académico, segundo o Artigo 7.

Artigo 15. Prazo de Presentación

O Anteproxecto terá que ser aprobado pola Comisión de Proxectos da ETIS como mínimo dous meses antes da data de depósito e de solicitude de trámite de defensa do PFC.

Artigo 16. Tramitación e Contidos

Para a solicitude do Anteproxecto, o alumno presentará diante da Comisión de Proxectos da ETIS, como mínimo, a seguinte documentación:

- a) Datos de Identidade do Alumno (incluíndo sinatura de aceptación).
- b) Datos de Identidade do Director do PFC (incluíndo sinatura de aceptación).
- c) Datos de Identidade do Codirector do PFC, se procede (incluíndo sinatura de aceptación).
- d) Datos do Titor Académico do PFC, se procede (incluíndo sinatura de aceptación).
- e) Título do PFC.
- f) Presentación breve do Problema Plantexado.
- g) Obxectivos do PFC (solución proposta, especificación funcional, etc.).
- h) Descrición técnica do PFC.
- i) Fases do traballo e estimación temporal das mesmas.
- j) Medios materiais necesarios.
- k) Bibliografía consultada para a elaboración do Anteproxecto.

A duración estimada das fases de realización do PFC deberá estar entre 180 e 270 horas de traballo. De non ser así, deberá xustificarse adecuadamente.

Artigo 17. Resolución

A Comisión de Proxectos da ETIS poderá aceptar, rexeitar o solicitar modificacións e/ou aclaracións os Anteproxectos presentados.

A Comisión de Proxectos da ETIS fará pública regularmente a resolución sobre os Anteproxectos presentados.

Se a Comisión de Proxectos da ETIS solicita modificacións e/ou aclaracións, o alumno deberá presentar de novo a consideración o Anteproxecto, coas modificacións e/ou aclaracións necesarias.

Artigo 18. Causas de non Aceptación

Serán causas inmediatas de non aceptación do Anteproxecto, ou de solicitude da súa modificación e/ou aclaración:

- a) Incumprir o dispostos neste Regulamento acerca dos contidos ou modalidades dos PFC ou acerca do Director do mesmo.
- b) Presentar incompleta a documentación esixida no Artigo 16.
- c) Propoñer un tema irrelevante ou notoriamente alleo a Enxeñería Técnica en Informática de Sistemas.

- d) Exhibir erros científicos, técnicos ou de expresión.
- e) Describir insuficientemente algún dos conceptos indicados no Artigo 16, especialmente os relativos a obxectivos, métodos e fases do traballo.
- f) Propoñer un proxecto que coincida co traballo realizado polo alumno noutras materias ou actividades da titulación.

Artigo 19. Anulación

O alumno e o Director poderán solicitar, de común acordo, a anulación do Anteprojecto mediante escrito remitido á Comisión de Proxectos da ETIS.

Artigo 20. Caducidade

O alumno disporá dun prazo máximo de dous anos naturais, para o depósito do PFC e a solicitude de trámite de defensa do PFC, a partir da data de aprobación do Anteprojecto pola Comisión de Proxectos da ETIS.

O alumno poderá, transcorrido o prazo de dous anos, solicitar nos dous meses seguintes, mediante escrito razoado á Comisión de Proxectos da ETIS e co visto e prace do Director do PFC, prórrogas anuais para a continuación da validez do Anteprojecto.

Transcorrido este último prazo sen a realización da solicitude de prórroga, o alumno decaera non seus dereitos respecto o Anteprojecto aprobado, declarándose este caducado. Neste caso o alumno deberá iniciar de novo o procedemento previsto nesta normativa.

Artigo 21. Modificacións

O alumno poderá solicitar á Comisión de Proxectos da ETIS o cambio de Anteprojecto co mesmo ou con outro Director (e Codirector e Titor Académico se fora o caso). Para dito fin deberá presentar un informe razoado do cambio a realizar así como un novo Anteprojecto nas condicións especificadas no Artigo 16. Se a Comisión de Proxectos da ETIS autoriza o cambio, renóvanse os prazos.

O alumno poderá solicitar a Comisión de Proxectos da ETIS a cambio de Director, Codirector e/ou Titor Académico mantendo o mesmo Anteprojecto.

Para dito fin deberá presentar un informe razoado do cambio a realizar así como o visto e prace do Director, Codirector e/ou Titor Académico orixinal e do Director, Codirector e/ou Titor Académico novo.

Capítulo 3. Presentación do Proxecto

Artigo 22. Prazo de Presentación

A Xunta de Centro aprobará e publicará os períodos de presentación de PFC's, xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

Excepcionalmente, e en situacións debidamente xustificadas, a Comisión de Proxectos da ETIS poderá autorizar a entrega dun PFC fora dos períodos de presentación.

É requisito imprescindible para á presentación do Proxecto ter superadas tódalas materias da titulación e estar matriculado do PFC.

Apartado 7.1.1 das Normas de Xestión Académica da Universidade de Santiago de Compostela:

“Se o alumno desexara presentalo Proxecto ... na mesma convocatoria na que superara tódalas materias, e aínda non estiveran entregadas tódalas actas na Unidade de Xestión Académica correspondente, poderá admitirse a matrícula se o secretario do Centro evacúa informe consonte o alumno ten superadas as materias das que aínda non se entregaron as actas.

A eficacia da matrícula e da cualificación do Proxecto quedarán condicionadas a que das actas se deduza que o alumno ten superadas as materias necesarias para concorrer, debéndose facer constar esta circunstancia na certificación expedida polo Secretario do Centro.”

Artigo 23. Documentación a Presentar

A Memoria presentada amosará o traballo desenvolvido polo alumno. Como norma xeral, a memoria incorporará a seguinte documentación:

a) **Introducción:** composta por Obxectivos Xerais, Relación da Documentación que conforma a Memoria, Descrición do Sistema, Información Adicional de Interese (métodos, técnicas ou arquitecturas utilizadas, xustificación da súa elección, etc.).

b) **Planificación e Presupostos:** debe incluíla estimación do custo (presuposto) e dos recursos necesarios para efectuar a implantación do Proxecto, xunto coa planificación temporal do mesmo e a división en fases e tarefas. Recomendase diferenciar os custos relativos a persoal dos relativos a outros gastos como instalacións e equipos.

c) **Especificación de Requisitos:** debe indicarse, polo miúdo, a especificación do Sistema, xunto coa información que este debe almacenar e as interfaces con outros Sistemas, sexan hardware ou software, e outros requisitos (rendemento, seguridade, etc.).

d) **Deseño:** cómo se realiza o Sistema, a división deste en diferentes compoñentes e a comunicación entre eles. Así mesmo, determinarase o equipamento hardware e software necesario, xustificando a súa elección, no caso de que non fora un requisito previo. Debe achegarse a un nivel suficiente de detalle que permita comprender a totalidade da estrutura do produto desenvolvido, utilizando no posible representacións gráficas.

e) **Conclusións e Posibles Ampliacións.**

f) **Manuais Técnicos:** en función do tipo de Proxecto e metodoloxía empregada, o contido poderase dividir en varios documentos. En todo caso, neles incluírase toda a información precisa para aquelas persoas que se vaian a encargar do desenvolvemento e/ou modificación do Sistema (por exemplo, código fonte, recursos necesarios, operacións necesarias para modificacións e probas, posibles problemas, etc.). O código fonte poderase entregar en soporte informático en formatos PDF ou postscript.

g) **Manuais de Usuario:** incluírán toda a información precisa para aquelas persoas que utilicen o Sistema: instalación, utilización, configuración, mensaxes de erro, etc. A documentación do usuario debe ser autocontida, é dicir, para o seu entendemento o usuario final non debe precisar da lectura de outro manual técnico.

A Comisión de Proxectos da ETIS poderá autorizar a realización dunha Memoria cunha documentación diferente da mencionada atendendo ás especiais características dun proxecto determinado. Esta solicitude deberase axuntar o Anteprojecto ou presentala antes da data de solicitude de defensa. No caso de axuntala o Anteprojecto, a Comisión de Proxectos da ETIS poderá denegar esta solicitude aínda que o Anteprojecto sexa aceptado.

Artigo 24. Soporte Físico e Instalación da Aplicación

No caso de que o Proxecto implique o desenvolvemento de software, deberase entregar en algún tipo de soporte dixital o código fonte, o executable e todos os demais arquivos necesarios para o correcto funcionamento da aplicación.

A aplicación deberase instalar no Ordenador que indique a Comisión de Proxectos da ETIS. A instalación deberá estar dispoñible e plenamente funcional no momento da entrega da documentación.

Artigo 25. Entrega da Documentación

A solicitude de defensa, que deberá ser entregada na Comisión de Proxectos da ETIS, debe levar o visto e prace dos Directores do Proxecto e do Titor Académico, se procede. Irá acompañada de seis copias da documentación indicada no Artigo 23 e seis copias do soporte dixital indicado no Artigo 24. A dita solicitude entregárase no prazo fixado pola Comisión de Proxectos da ETIS para cada convocatoria.

Xunto coa documentación do Proxecto, o alumno entregará unha petición de medios para a defensa do Proxecto.

Para presentar a solicitude de defensa do Proxecto debe terse realizado a matrícula do PFC.

Capítulo 4. Tribunal de Avaliación

Artigo 26. Composición

O Tribunal encargado de avaliar os PFC's estará formado por entre tres e cinco membros. O Director, o Codirector e o Titor Académico do PFC non poderán ser membros do mesmo. A composición do tribunal será a seguinte:

- a) O Presidente, que será Persoal Docente ou Investigador con docencia na Titulación no Centro pertencente á Área de Coñecemento do Director do PFC.
- b) O Secretario, que será Persoal Docente ou Investigador adscrito a Áreas de Coñecemento con carga troncal ou obrigatoria na Titulación no Centro e que non pertencerá á Área de Coñecemento do Director do PFC.
- c) Entre un e tres vocais, que serán Persoal Docente ou Investigador adscrito a Áreas de Coñecemento con carga troncal ou obrigatoria na Titulación. Os vocais deberán pertencer a áreas de coñecemento diferentes. Tamén poderán actuar como vocais Titulados Universitarios, con Titulación de igual ou superior nivel á de Enxeñeiro Técnico en Informática de Sistemas, no exercicio da súa profesión.

Artigo 27. Nomeamento

Os tribunais encargados de avaliar os PFC serán designados polo Director do Centro, a proposta da Comisión de Proxectos ETIS.

Capítulo 5. Defensa do Proxecto

Artigo 28. Convocatoria de Exposición

O Presidente do Tribunal fixará a data, lugar e hora da exposición, que terá lugar dentro do período de presentación de PFC's nun prazo mínimo de 7 días dende a entrega da documentación. O Presidente do Tribunal comunicará a convocatoria de exposición a Comisión de Proxectos da ETIS que a súa vez o comunicará ao alumno, ós membros do tribunal, o Director do PFC e á Dirección do Centro, que a fará pública do xeito mais amplo posible.

A convocatoria de exposición deberá ser publicada nun espacio habilitado ó efecto no Centro.

O Tribunal non poderá constituírse para un acto de exposición se faltasen dous dos membros.

Artigo 29. Exposición

A exposición do PFC realizado terá unha duración recomendada de 30 minutos por alumno, e terá carácter de acto público. O Tribunal poderá formular cantas preguntas e cuestións considere convinte.

Artigo 30. Medios Necesarios

A reserva de medios necesarios para a defensa do PFC (aula, medios de proxección, conexión a rede e outros equipamentos) deberá ser levada a cabo polo Presidente do Tribunal.

Artigo 31. Rolda de Preguntas

A rolda de preguntas será moderada polo Presidente do Tribunal. A orde da primeira intervención será a seguinte: secretario, vocais e presidente.

Rematada a primeira rolda o Presidente do Tribunal cederá a palabra a calquera Profesor do Centro ou Profesional Titulado que ó solicite. A continuación, ó Presidente concederá un turno de palabra o Director do PFC.

A dinámica do resto do debate quedará baixo criterio do Presidente do Tribunal.

Capítulo 6. Avaliación do Proxecto

Artigo 32. Informe do Director do Proxecto

O Director do PFC realizará un informe, segundo o modelo oficial, no que se avaliarán, de 0 a 10, os seguintes aspectos:

a) Calidade do Proxecto: cumprimento dos obxectivos propostos, fiabilidade e eficiencia, adecuación e desenvolvemento das solucións aportadas, calidade da interface de usuario, etc.

b) Documentación: presentación xeral (lexibilidade, redacción, ortografía, etc), estruturación e completitude, corrección da documentación técnica, conclusións e posibles ampliacións propostas.

Artigo 33. Criterios de Avaliación

Os membros do tribunal realizarán un informe, segundo o modelo oficial, no que avaliarán, de 0 a 10, os seguintes aspectos:

a) Calidade do Proxecto: cumprimento dos obxectivos propostos, fiabilidade e eficiencia, adecuación e desenvolvemento das solucións aportadas, calidade da interface de usuario, etc.

b) Documentación: presentación xeral (lexibilidade, redacción, ortografía, etc), estruturación e completitude, corrección da documentación técnica, conclusións e posibles ampliacións propostas.

c) Presentación: concisión, claridade, defensa do Proxecto, etc.

A cualificación final outorgada por cada membro do tribunal ó PFC obtérase de acordo a seguinte ponderación:

a) Calidade do Proxecto (CP): 65%.

b) Documentación (D): 20%.

c) Presentación (P): 15%.

d) Cualificación Final: $0,65*CP+0,20*D+0,15*P$ (indicada con unha cifra decimal).

A cualificación final do PFC obtérase como media xeométrica (indicada con unha cifra decimal) das cualificacións outorgadas por todos os membros do tribunal.

Artigo 34. Proceso de Avaliación

A avaliación de PFC's realizarase de acordo os seguintes pasos:

a) O Director do PFC entregará a Comisión de Proxectos da ETIS, nos tres días seguintes á entrega da Documentación (Artigo 24), o Informe do Director do Proxecto (Artigo 32).

b) A Comisión de Proxectos da ETIS remitirá ao Presidente do Tribunal o Informe do Director do Proxecto. O Presidente do Tribunal remitirá copia do Informe do Director do Proxecto aos membros do Tribunal.

c) Cada membro do Tribunal cualificará os apartados a e b dos Criterios de Avaliación (Artigo 33). No caso de que a maioría dos membros do Tribunal consideren que o Proxecto non é apto para a exposición ($0,65*CP+0,20*D$ inferior a 4), o Presidente do Tribunal remitirá dita decisión a Comisión de Proxectos da ETIS coa debida xustificación, interrompéndose o proceso de avaliación.

d) O Presidente do Tribunal realizará, tendo en conta a opinión dos restantes membros do tribunal, a Convocatoria da Exposición (Artigo 28).

e) Os membros do tribunal comunicarán ao Presidente, mediante escrito razoado, a cualificación do PFC. Dita comunicación deberá realizarse nun prazo máximo de dous días hábiles dende a data de exposición. O Presidente do Tribunal comunicará a cualificación final do PFC a Comisión de Proxectos da ETIS nun prazo máximo de catro días hábiles dende a data de exposición.

f) A cualificación definitiva do Proxecto farase pública pola Comisión de Proxectos da ETIS nun prazo máximo de cinco día hábiles dende a súa exposición.

Artigo 35. Actas de Cualificación

A cualificación do PFC figurará na acta de notas do período de exames, ordinario o extraordinario, seguinte mais próximo.

A Comisión de Proxectos poderá outorgar a cualificación de Matrícula de Honra a aqueles PFC que, sendo cualificados con sobresaínte polo Tribunal Xulgador, destaque pola súa calidade entre os demais da convocatoria.

Artigo 36. PFC desenvolvidos no marco de convenios de intercambio de estudantes

A cualificación dos proxectos desenvolvidos no marco de convenios de intercambio de estudantes será a que figure na certificación ou "transcript of records" emitida pola universidade de destino.

Cando, por non ter superado o estudante o resto de créditos da titulación, non sexa posible o recoñecemento da cualificación do PFC ao abeiro do convenio oficial:

a) Se o estudante supera os créditos pendentes na convocatoria inmediatamente seguinte á conclusión do convenio, se lle validará a cualificación do PFC que figure na certificación académica ou "transcript of records" emitida pola universidade de destino. Esta cualificación figurará na acta de exames máis próxima (sempre que o alumno finalice os seus estudos como máximo na convocatoria de decembro do curso seguinte o que lle fóra concedido o intercambio)

b) En calquera outro caso, o acordo académico terá a consideración de anteprojecto fin de carreira aprobado. Establécese como data de aprobación a sinatura do acordo. Polo tanto seránlle de aplicación os artigos 19 e seguintes do presente regulamento.

Capítulo 7. Depósito e Propiedade Intelectual

Artigo 37. Copias do Proxectos

Cando a defensa do PFC sexa superada, dúas copias do traballo quedarán no Centro (unha para o seu arquivo e outra para ser catalogada na Biblioteca do Centro), unha copia será para o Departamento ó que pertenza o Director (ou Titor), outra para o Director do Proxectos e as que resten devolveranse o autor. No caso da realización do PFC a través de convenios de intercambio de estudantes deberán entregarse dúas copias a Comisión de Proxectos que quedarán no Centro (unha para o seu arquivo e outra para ser catalogada na Biblioteca do Centro).

Artigo 38. Dereitos do Proxecto

A propiedade intelectual do PFC, así como no seu caso os dereitos de comercialización dos produtos desenvolvidos ou deseñados, corresponden conxuntamente o alumno que o realizou e o Director do mesmo.

No caso de realizarse o PFC no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade, os dereitos do PFC serán os recollidos en dito contrato ou convenio baixo o disposto na lexislación vixente.

Artigo 39. Uso dos Proxectos

O traballo e os desenvolvementos do Proxectos poderán ser utilizados na Universidade de Santiago de Compostela, sempre con mención específica ós seus autores.